




ELECCIÓN SINDICAIS 2022

9.765 Grazas!




A CIG-Ensino acada con 9.765 votos o seu teito electoral e reforza a súa maioría

Co escrutinio finalizado confírmanse os resultados históricos para o sindicato nacionalista que aumenta en votos en todas as provincias con respecto a 2018 e suma un total de 67 delegadas e 8 representantes de 15 na Mesa Sectorial galega

O respaldo unánime á CIG-Ensino, nunhas eleccións cunha participación superior ao 70% do censo composto por 33.068 docentes, garante durante catro anos máis a firmeza e a defensa dos dereitos do profesorado fronte á política de recortes e á burocratización imposta polo goberno da Xunta.

Ademais, ao ser o sindicato máis representativo en Galiza seguirá contando con presenza en todos os órganos de decisión (Mesa Xeral das Administracións Públicas e Mesa sectorial docente) e consultivos (Consello Escolar) do Estado erixíndose como única voz do profesorado e do ensino público galego nos mesmos.



Co 100% dos votos escrutados en todas as provincias e a correspondente proclamación oficial dos mesmos, confírmanse os resultados históricos acadados pola CIG-Ensino nas eleccións sindicais celebradas o pasado 1 de decembro e que son froito, sen dúbida, do **traballo inquebrantábel durante os últimos catro anos de defensa do profesorado e do ensino público** nun contexto caracterizado polos recortes da Xunta, a pandemia, os cambios legislativos do goberno central, o incremento da burocracia e da diversidade nas aulas e os ataques contra o galego.

Os **9.765 votos** acadados polas candidaturas **conformadas por preto de 1.000 docentes** de todas as etapas e niveis educativos e tipos de ensinanzas non universitarias, duplicando os obtidos pola segunda organización sindical, nunhas eleccións nas


que ademais a abstención foi moi baixa, algo menos do 30%, supón un **reforzo do modelo combativo, libre, democrático e plural** que representa a CIG-Ensino e supón unha **mensaxe clara do profesorado á administración galega**.

Como aconteceu nas distintas mobilizacións promovidas a iniciativa da CIG-Ensino nos centros e nas rúas durante os últimos anos, o profesorado amosa a súa fartura con respecto ás políticas da Xunta e opta por **reforzar en número de delegados e delegadas, pasando de 60 a 67**, a representación do sindicato nacionalista nas **Xuntas de Persoal provincial**.

Este incremento é o maior experimentado entre dous comicios por parte da CIG-Ensino.

A CIG-Ensino quiere agradecer non só o enorme apoio recibido nestas eleccións senón a elevada participación, superior ao 70%, moi por riba da media do Estado e que, sen dúbida, reforza o logro dunha maioría tan cualificada.

distribución de representantes por xuntas de persoal. eleccións sindicais 2022



Con todo, a CIG-Ensino quiere poñer o acento non tanto na cifra final de representantes electas senón nunha tendencia clara e firme, consolidada no tempo, da referencialidade e hexemonía da CIG-Ensino entre o profesorado galego. Isto implica que tanto o modelo sindical que a CIG representa como as propostas que defende teñen un forte arraigo entre o persoal docente galego e que, con independencia do reparto final de delegados e delegadas, existe unha determinación incontestábel: **o sindicato consegue practicamente o mesmo apoio que a suma de todos os demais sindicatos.**

Os datos son contundentes tanto en **número de votos** (608 máis con respecto aos 9157 conseguidos en 2018), como de **porcentaxe** (o 46% do voto ao total das candidaturas con representación) ou de **representación** (pasando de 60 a 67 delegadas electas nas Xuntas de Persoal provincial).

Na **Mesa Sectorial docente**, o órgano onde se negocia todo o relativo á xestión do persoal e á ordenación académica a nivel galego, a CIG-Ensino segue ostentando **a maioría absoluta con 8 representantes**, que suman máis que os das outras tres organizacións xuntas (hai que ter en conta que UGT entra na Mesa malia non acadar o 10% dos votos necesarios por ter condición de sindicato máis

representativo a nivel do Estado). De non se ter en conta esta condición da UGT, a CIG-Ensino acadaría 9 postos de 15 representantes, fronte aos 6 dos demais sindicatos (4 CCOO e 2 de ANPE).

De novo a Consellaría de Educación debería tomar nota do recado que mandan estes resultados e aceptar negociar a **recuperación dos dereitos roubados nos últimos anos a respecto das ratios, do horario lectivo e das retribucións do profesorado**, demandas nas que a CIG-Ensino se mantivo firme e non aceptou acordos miserentos por non volver ás condicións que tiñamos antes da chegada de Feijóo á Xunta.

Medra o apoio en todas as provincias


Pero se a nivel nacional os datos son incontestábeis tamén a nivel provincial a **CIG-Ensino crece en número de votos, acadando os mellores resultados até o momento en todas elas**. Consegue a **maioría absoluta na Coruña** (incrementando a representación até acadar as 26 delegadas) e **mantena en Pontevedra** (con 22 representantes na Xunta de Persoal), **sobe en Lugo pasando de 10 a 11 delegadas** e **en Ourense supera o seu resultado de hai catro anos tanto en votos como representantes**, chegando a 8 delegadas e delegados dun total de 27.

A forza sindical líder en todo tipo de centros e ensinanzas

A CIG-Ensino gaña e supera amplamente a todas as organizacións sindicais en todo tipo de centros e ensinanzas cuns resultados que coinciden coa tendencia xeneralizada.

En **centros de infantil, primaria e educación especial** (EEI Educación Infantil, CRA, CEIP, CEP e CEE) obtén 3.828 votos. Nos **Institutos de Educación Secundaria** suma un total de 4.225 votos. En **Centros Públicos Integrados** tamén obtén un amplo respaldo con 812 votos. Nos **CIFP** amosa o seu carácter hexemónico con 522 papeletas e é a forza máis votada con moita diferenza sobre a seguinte nos distintos centros que imparten **ensinanzas artísticas e de réxime especial** con 83, **Conservatorios** con 97 e **Escolas Oficiais de Idiomas**, con 118.

Centros nos que gaña as eleccións...



Os datos, revisados centro a centro, arrojan unha conclusión moi relevante: a CIG-Ensino gaña as votacións en 594 mesas dun total de 873 (**68%**) e empata como forza máis votada con algún outro sindicato noutras 47. Isto é, **fomos a primeira opción do profesorado en tres de cada catro centros educativos**. A seguinte forza sindical en número de mesas nas que consegue ser a máis votada (CCOO), gaña no 18% das mesas, ANPE no 3%, UGT e CSIF en menos do 2% e STEG en menos do 1% das mesas. Se as normas que regulan as eleccións sindicais primasen o centro e non a provincia dispararíase tanto o número de representantes da CIG como a propia porcentaxe de representación.

Estes datos non fan máis que reafirmar o **profundo compromiso de todo o profesorado galego, sen excepción**, na defensa do ensino público. Un colectivo que ve como as súas demandas de maior dotación de persoal, sobre todo para atender a cada vez maior diversidade,

heteroxeneidade e problemáticas de diversa índole que hai nas aulas, caen en papel mollado con amortización de xubilacións, supresión de desdobres, redución de cadros de persoal, peche de unidades e centros, redución de cotas de profesorado e aumento das itinerancias e da impartición de afíns.

A CIG-Ensino foi a primeira opción elixida polo profesorado galego en tres de cada catro centros

Todas estas problemáticas, unidas ao clamor da comunidade educativa de reducir as ratios e a recuperación do horario lectivo e dos dereitos salariais que nos foron roubados nos últimos anos van ser o eixo fundamental da acción sindical da CIG-Ensino que agradece e recolle a confianza depositada da única forma que entende o sindicalismo: **manterse fiel ao servizo do profesorado e sen prebendas, adoptando unha posición coherente en cada un dos conflitos que afectan a diversos colectivos e acollendo a todo o persoal docente, sen exclusións**, sexa cal sexa a etapa na que imparte ou a súa situación administrativa, nas súas reclamacións e demandas.

Ao teu carón no día a día e nos órganos de negociación


Os resultados da CIG-Ensino, xa nunha perspectiva máis práctica, vanlle permitir seguir podendo exercer o sindicalismo de proximidade que caracterizou desde sempre a esta organización, mediante a atención continua dos seus locais, o modelo de permanencia constante nos centros coa celebración de asembleas periódicas nas que sobre todo se pretende escoitar o profesorado, levar a cabo outro tipo de asembleas centradas nos principais procedementos que teñen lugar ao longo do curso (CXT, Oposicións, CADP...) pero tamén sobre calquera tema de actualidade que así o requira; múltiples actividades de formación e de innovación pedagóxica; unha estratexia de comunicación áxil tanto coa afiliación como con todo o colectivo docente e adaptada aos tempos actuais, con información constante na web e nas redes sociais, **atendendo sempre á filosofía de estar onde o profesorado nos precise.**

Mais, como é obvio, o sinal de identidade dun sindicato é loitar e defender os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras que representa. E nesa liña a CIG-Ensino seguirá promovendo distintas campañas e mobilizacións até acadar melloras para o profesorado, ao igual que insistirá na necesidade de derrogar o Decreto do Plurilingüismo e outras medidas lesivas para o galego que están a converter o ensino nun dos principais elementos desgaleguizadores da nosa sociedade.

A nivel de representación, a Xunta de Galiza debe tomar nota de que durante catro anos máis, e governe quen governe, **a posición da CIG-Ensino vai ser firme e tenaz nos distintos órganos de negociación**, tanto na **Mesa xeral da administración pública galega** como sobre todo na **Mesa sectorial docente**, e que non descarta tomar todas as medidas que sexan precisas para acadar melloras laborais para o profesorado e para a calidade da atención educativa do noso alumnado.

Por último, e non menos importante, as particularidades de Galiza tanto no que ten a ver coa nosa ordenación académica, como coa xestión de

Representación na Mesa Sectorial Docente



CIG	CCOO	ANPE	UGT
8	4	2	1*
UGT, ao non acadar o 10% de representación, entra na Mesa pola súa condición de sindicato máis representativo a nivel xeral. De non ser así, a CIG-Ensino obtería 9 postos.			

centros e persoal, como en materia de currículos, van estar representadas pola voz da CIG-Ensino nos órganos de negociación do Estado, nomeadamente na **Mesa docente estatal**, na que estes últimos anos se aprobaron novas leis educativas que supuxeron cambios de calado para o profesorado.

Malia que o obxectivo da CIG-Ensino é contarmos cun **Estatuto docente galego** e cunha **Lei galega de Educación** que permitan que como galegas e galegos teñamos todo o protagonismo á hora de decidir tanto sobre as nosas condicións de traballo como na regulación das ensinanzas que impartimos, seguiremos teimando por levar as nosas problemáticas a todos aqueles ámbitos nos que, de non ser pola nosa presenza, a representación do profesorado galego quedaría totalmente anulada, como se pode comprobar coa nula atención que lle prestan as organizacións sindicais estatais ao que acontece no noso sistema educativo.

Unha traxectoria histórica consolidada como referencia sindical para o profesorado galego

EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA REPRESENTACIÓN SINDICAL. ENSINO PÚBLICO. GALIZA

	1987	1990	1994	1998	2002	2006	2010	2014	2018	2022
CIG	29	43	50	48	52	53	62	63	60	67
CCOO	15	25	27	27	30	27	27	22	28	34
UGT	14	13	9	23	22	22	22	15	14	8
ANPE	22	23	35	22	18	17	18	17	18	18
STEG	9	12	7	7	7	14	14	13	12	10
CSIF	8	4	2	3	3	3	3	10	10	9
OUTROS	15									
	112	120	130	130	132	136	146	140	142	146

En 1987 compútanse os resultados da UTEG (18) e SGEI (11). En 1990, Convergencia Intersindical Galega.

O sindicalismo nacionalista galego vén sendo a **primeira opción electoral do profesorado galego desde o ano 1987**. Naquel ano non existía aínda a CIG e a suma das dúas opcións nacionalistas (UTEG e SGEI) sumaron máis votos que a segunda forza, ANPE. No ano 1990, logo da fusión dos dous sindicatos, dispárase a diferenza entre a CIG (naquel momento aínda que coincidente nas siglas, aínda co nome transitorio de Convergencia Intersindical galega) e o segundo sindicato. O que fora un resultado axustado catro anos antes vira nunha distancia xa importante coa segunda forza, que pasa a ser CCOO.

A consolidación do apoio á CIG, continuado no tempo elección tras elección, ten os seus mellores resultados nas dúas últimas décadas. Quer en votos totais quer en porcentaxe deles, a CIG-Ensino avanza en cada proceso, mesmo co paradoxo das eleccións de 2018, ano no que o sindicato acadou o que até entón foi o seu teito electoral (9.157 votos) e malia iso perde tres representantes. Nas eleccións que veñen de ter lugar **en 2022 ese teito electoral salta novamente polos aires mais desta vez tamén cun aumento destacado na representación**.

A hexemonía e referencialidade da CIG entre o profesorado galego é, por tanto, un feito sostido no tempo, nada casual senón froito dun esforzo colectivo e dunha liña de acción sindical clara e sen dobreces, cun compromiso na defensa duns valores que mereceron e merecen o **apoio social** (nestes anos **o medre en afiliación foi tamén constante**) **e electoral**: autoorganización, defensa da lingua, dun ensino público gratuíto e de calidade, cunha perspectiva feminista e inclusiva e sen acomodarse nin permitir ningún tipo de inxerencia dos poderes económicos, mediáticos ou políticos.

Esa referencialidade ten os seus alicerces no traballo e no compromiso diario mais, sobre todo, no contacto cos centros e co profesorado. Nunhas décadas cuns enormes cambios xeracionais, coa chegada de miles de novos compañeiros e compañeiras ao sistema público, conectamos e mantivemos unha implicación que aínda que ten como datas sinaladas as xornadas electorais, é unha constante durante todos os días do curso. Ese compromiso social dun profesorado implicado na defensa dos seus dereitos e do ensino público móvenos a seguir adiante, con rumbo certo.

Votos por provincias

Candidaturas	CIG	CCOO	ANPE	UGT	STEG	CSIF	CUT
A Coruña	4137	1817	917	1124	530	436	389
Lugo	1148	358	602	225	303	434	79
Ourense	734	885	251	208	132	287	66
Pontevedra	3746	1562	495	669	449	445	300

As eleccións en cifras

70,55%
participación
(á cabeza do Estado)

67

representantes

9765 VOTOS

Resultado
histórico!

En 3 de cada 4 centros a CIG é o
sindicato máis votado

46 DE CADA 100 VOTANTES
ELIXIRON CIG



8/15
REPRESENTANTES NA
MESA SECTORIAL

A CIG GAÑA NO 82% DOS
CONCELLOS

1ª forza sindical en todos os tipos de centros

CURSOS 2022-23 FORMACIÓN



CURSOS A DISTANCIA

1º TRIMESTRE

Do 26 de setembro ao 21 de outubro

- ▶ Novos currículos, programacións e avaliación. Secundaria.
- ▶ Novos currículos, programacións e avaliación. Primaria.
- ▶ Unha primeira ollada á acción educativa española no exterior. Unha oportunidade de educar polo mundo.

Do 25 de outubro ao 18 de novembro

- ▶ Elaboración de gamificacións e outros recursos interactivos con Quizziz, Educaplay, Live Worksheets e outras ferramentas.
- ▶ Coidado da voz para docentes. Achegas didácticas.
- ▶ Ferramentas teatrais na educación. Propostas didácticas.

Do 22 de novembro ao 19 de decembro

- ▶ TDAH na escola. Preguntas frecuentes e respostas didácticas.
- ▶ Portugués avanzado para docentes.
- ▶ Estratexias didácticas para traballar a diversidade afectivo-sexual e de xénero nos centros de ensino.

2º TRIMESTRE

Do 12 de xaneiro ao 3 de febreiro

- ▶ Técnicas de loga, Mindfulness, xestión emocional e empoderamento persoal para a comunidade educativa. II
- ▶ Estratexias didácticas para traballar a coeducación nos centros de ensino.
- ▶ Memorial da lingua prohibida. Achegas didácticas.

Do 7 de febreiro ao 3 de marzo

- ▶ Canva: deseño e creación de materiais didácticos e ferramentas colaborativas (docente-alumnado).
- ▶ O papel do patrimonio natural na educación.
- ▶ Literatura galega escrita por mulleres. Análise de textos e propostas didácticas.

Do 7 de marzo ao 31 de marzo

- ▶ Na procura do noso patrimonio histórico. I Estratexias didácticas.
- ▶ Autor ou autora que se homenaxea no día das Letras Galegas.
- ▶ Posibilidades didácticas da realidade aumentada e virtual.

3º TRIMESTRE

Do 12 de abril ao 5 de maio

- ▶ Genially: elaboración de recursos e materiais didácticos interactivos.
- ▶ Saúde laboral na escola: análise da lexislación en vigor e detección de necesidades.
- ▶ Nova Lei orgánica de FP. Análise e implicacións docentes.

Duración dos cursos a distancia: 30 h

Cursos homologados pola Consellería de Educación
LIGAZÓNS PARA MATRICULARSE:

www.as-pg.gal



www.cig-ensino.gal



CURSOS PRESENCIAIS

Paseos Pedagóxicos de Vigo 2022	Vigo	8, 10, 15, 17 e 24 de setembro.
XXXIV Semana da Educación de Pontevedra	Pontevedra	Do 21 ao 24 de setembro
II Xornadas de historia de Galiza. A nosa historia facémola nós.	Compostela	22 de outubro
III Xornadas de Normalización Lingüística.	Compostela	21 de xaneiro
XXV Xornadas de Educación Infantil.	Compostela	11 febreiro
XX Xornadas das Mulleres	Compostela	4 de marzo
XXXII Xornadas de Lingua e Literatura	Compostela	22 de abril
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria	A Coruña	24 de setembro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria	Compostela	24 de setembro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Pontevedra	1 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Vigo	8 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Ourense	8 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Lugo	24 de setembro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Ferrol	1 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	A Mariña	1 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	O Morrazo	1 de outubro

Duración dos cursos presenciais: 8 h, excepto
- Paseos Pedagóxicos de Vigo 2022: 32 h
- Semana da Educación de Pontevedra: 20 h



mudemos o rumbo

REFORCEMOS O PROFESORADO

